



## Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de  
fin de grao

Deseño dunha proposta  
de intervención sobre a  
Música Tradicional para  
a Educación Primaria

Ángel Vidal Cortizo

Xaneiro 2021

Deseño dunha proposta de intervención sobre  
a Música Tradicional para a Educación  
Primaria

Diseño de una propuesta de intervención  
sobre la Música Tradicional para la Educación  
Primaria

Design of an intervention proposal related to  
Traditional Music for Primary Education

## Resumo

Este traballo de Fin de Grao asume o potencial didáctico da música tradicional como elemento vehicular para o desenvolvemento da materia de Educación Musical no sexto curso de Educación Primaria. Empregando a modalidade de deseño dun proxecto de intervención, este traballo parte dunha aproximación ao estado da música tradicional galega no ensino para elaborar unha proposta de intervención que empregue esta como eixe principal. O obxectivo final deste traballo é o de xerar conciencia e interese no alumnado de educación primaria sobre a música tradicional e tender pontes cara músicas culturalmente afíns.

Palabras Chave: Música Tradicional, Educación Primaria, Educación Musical, Pedagogías Musicais, Folk.

## Resumen:

Este trabajo de Fin de Grado asume el potencial didáctico de la música tradicional como elemento vehicular para el desarrollo de la materia de Educación Musical en el sexto curso de Educación Primaria. Empleando la modalidad de diseño de un proyecto de intervención, este trabajo parte de una aproximación al estado da música tradicional gallega en la enseñanza para elaborar una propuesta de intervención que emplee a esta como eje principal. El objetivo final de este trabajo es el de generar conciencia e interés en el alumnado de educación primaria sobre la música tradicional y tender puentes hacia músicas culturalmente afines.

Palabras Chave: Música Tradicional, Educación Primaria, Educación Musical, Pedagogías Musicales, Folk

## Abstract:

This final project takes on the didactic potencial of traditional music as a vehicle for the development of the subject Musical Education in the sixth grade of Primary school. Employing the design modality of an intervention project, this works starts from an approach to the state of traditional Galician music in teaching to create a proposal of intervention which uses this as main axis. The final goal of this work is to generate awareness and interest

in Primary school students related to traditional music and build bridges to different musics which are related culturally.

Key Words: Traditional Music, Primary Education, Musical Education , Musical Pedagogies, Folk

## Índice

|        |   |    |
|--------|---|----|
| 1.     | Introdución.....  | 7  |
| 2.     | Marco Teórico .....   | 8  |
| 2.1.   | Aproximación á música tradicional galega.....                           | 8  |
| 2.2.   | Aproximación á música tradicional na escola na actualidade.....         | 9  |
| 2.3.   | Evolución das Pedagogías Musicais do século XX .....                    | 12 |
| 2.3.1. | Zoltán Kodály (1882-1967) .....   | 14 |
| 2.3.2. | Carl Orff (1895-1982).....  | 16 |
| 2.4.   | Música tradicional na lexislación educativa galega.....                 | 17 |
| 3.     | Proposta de intervención: “Música Tradicional e Culturas Veciñas” ..... | 21 |
| 3.1.   | Xustificación da Proposta .....   | 21 |
| 3.2.   | Competencias Xerais da Proposta .....                                   | 22 |
| 3.3.   | Obxectivos Xerais da Proposta .....                                     | 23 |
| 3.4.   | Contidos.....   | 24 |
| 3.5.   | Metodoloxía .....   | 26 |
| 3.6.   | Avaliación .....  | 26 |
| 3.7.   | Unidades didácticas.....  | 27 |
| 3.7.1. | Unidade Didáctica 1: <i>A nosa música</i> .....                         | 27 |
| 3.7.2. | Unidade Didáctica 2: <i>Facemos Música Tradicional</i> .....            | 29 |
| 3.7.3. | Unidade Didáctica 3: <i>A música Celta</i> .....                        | 32 |
| 3.8.   | Materiais e recursos didácticos empregados.....                         | 34 |
| 3.8.1. | Material Didáctico nº1 .....  | 34 |
| 3.8.2. | Bloque de exercicios nº1 .....  | 35 |
| 3.8.3. | Material Didáctico nº2 .....  | 35 |
| 3.8.4. | Bloque de exercicios nº2 .....  | 35 |
| 3.8.5. | Peza 1 .....  | 35 |
| 3.8.6. | Peza 2 .....  | 36 |
| 3.8.7. | Bloque de exercicios nº3 e nº4 .....                                    | 36 |
| 3.8.8. | Peza 3 .....  | 37 |
| 3.9.   | Implantación da Proposta .....  | 37 |
| 4.     | Reflexións finais.....  | 38 |
| 5.     | Referencias Bibliográficas .....  | 39 |
| 6.     | Anexos .....  | 43 |
| 6.1.   | Anexo I: Material Didáctico nº1 .....                                   | 43 |
| 6.2.   | Anexo II: Bloque de Exercicios nº1 .....                                | 46 |

|       |  |    |
|-------|--|----|
| 6.3.  | Anexo III: Material Didáctico nº2 .....          | 47 |
| 6.4.  | Anexo IV: Bloque de Exercicios nº2.....          | 49 |
| 6.5.  | Anexo V: Bloque de Exercicios nº3.....           | 50 |
| 6.6.  | Anexo VI: Bloque de Exercicios nº4.....          | 51 |
| 6.7.  | Anexo VII: Muiñeira CS.315 .....                 | 52 |
| 6.8.  | Anexo VIII: Alalá das Mariñas .....              | 53 |
| 6.9.  | Anexo IX: Fainne Geal an Lae .....               | 54 |
| 6.10. | Anexo X: Contidos dispoñibles para descarga..... | 55 |

## 1. Introducción

Para o compositor e pedagogo musical Zoltán Kodály, a música tradicional está viva, é unha fonte interminable de arte, e pódese equiparar coa música culta (Ivanova, 2009). A transmisión da música tradicional foi maioritariamente oral. Podemos considerar, polo tanto, este tipo de música coma un ente vivo, que non para de mudar de xeración en xeración, unha produción artística de carácter anónimo (López de la Calle, 2014). No caso galego, esta cumpría unha función social posto que estaba destinada a ser cantada e a acompañar eventos sociais, xa fosen festas familiares, traballos colectivos, manuais ou do campo, romarías, xogos, entre outros (Rico e Santamarina, 2014).

Como instrumentista formado no ambiente da música clásica observei en repetidas ocasións un comportamento lixeiramente pexorativo cara a música tradicional, moitas veces fomentado polos estereotipos e os prexuízos provintes do descoñecemento. Esta proposta trata de sentar unha pequena base para que o alumnado comprenda a verdadeira dimensión e o calado da música tradicional na nosa sociedade, e evitar polo tanto, a reprodución de estigmas non fundamentados.

Na actualidade a música tradicional goza dunha posición vantaxosa no que á Educación Primaria se refire, xa que como veremos máis adiante, forma parte do currículo escolar. Coma docentes, debemos ser conscientes do valor cultural da nosa tradición, e polo tanto debemos integrar a música tradicional na nosa práctica docente e traballala co noso alumnado. Este Traballo de Final de Grado, inscrito na modalidade de deseño dunha proposta de intervención, pretende ser unha ferramenta para traballar á música dende o punto de vista da música tradicional mediante a planificación dun proxecto de intervención.

O principal obxectivo desta proposta de intervención é xerar un achegamento do alumnado de sexto curso de educación primaria á música tradicional galega dentro do contexto educativo.

A través deste traballo contribúese á adquisición das seguintes competencias xerais detalladas na memoria do plan de estudos do Grao en Mestre de Educación Primaria<sup>1</sup>:

---

<sup>1</sup> Recuperado de [https://www.usc.gal/gl/centros/cc\\_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=16968&codEstudio=16322&valor=9](https://www.usc.gal/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=16968&codEstudio=16322&valor=9)

- Diseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe individualmente e en colaboración con outros profesionais.
- Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social. Asumir a dimensión educadora da función docente e educar para unha cidadanía activa.
- Manter unha relación crítica e autónoma cara aos saberes, os valores e as institucións sociais.
- Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa.
- Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes e á formación cívica.
- Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e coñecer modelos de mellora da calidade dos centros educativos.

Este traballo consta dun marco teórico no que se aborda a historia da música tradicional galega, o emprego da mesma no eido escolar e a lexislación que o ampara, así coma o unha breve recensión sobre as pedagogías musicais do século XX e o emprego da música tradicional como elemento didáctico. A continuación detállase a proposta titulada “Música Tradicional e Culturas Veciñas” na que se expoñen unha serie de ferramentas en forma de secuenciación de unidades didácticas coas que se traballa, se investiga e se interpreta música tradicional. Por último, o traballo remata cunhas conclusións. Como anexo inclúense todos os materiais didácticos deseñados para levar a cabo a proposta.

## 2. Marco Teórico

### 2.1. Aproximación á música tradicional galega

A música tradicional é entendida por Salazar (2016) coma toda aquela que “forma parte da cultura e a identidade dun grupo social e que se transmite de forma oral” (p. 206). A música acompáñanos dende os inicios da nosa historia. As primeiras representacións en Galicia podemos atopalas na época medieval, da man das Cantigas Galego-Portuguesas. Porén, tras o colapso da cultura medieval galega, o país viuse sumido nun illamento social, cultural e económico (López de la Calle, 2014). É neste intre cando se comeza a configurar a música

tradicional que chegou a nos posto que, pese a este illamento a produción musical interna non cesou, xa que a música popular era un reflexo dun pobo, que traballaba, que celebraba e que medraba, facendo valer á música como acompañante da vida (Foxo, 2016). É aquí onde nacen os xéneros e as temáticas musicais tradicionais que coñecemos: muiñeiras novas e vellas, alalás, cantos de berce, cantos de pandeiro, cantos de seitura, romances, xotas ou pasarrúas.

É no contexto do Rexurdimento e do Nacionalismo Galego de finais do século XIX e principios do XX, onde a música tradicional galega adquire unha nova dimensión a través da dignificación por parte de intelectuais do momento coma Juan Montes, Pascual Veiga, Manuel Quiroga, Jesús Bal y Gay, Andrés Gaos, entre outros (López de la Calle, 2014), coa creación de obras inspiradas no folclore galego e a transcripción e recompilación de pezas en cancioneros como *Cancionero Musical de Galicia* de Casto Sampedro.

Co fin da ditadura franquista, no último terzo do século XX comezou, da man de grupos coma Milladoiro, unha nova corrente que xerminou nunha cultura musical que estaba orgullosa da súa música, da súa terra e do que esta significaba. Esta nova xeración musical perseguiu unha meta multinacional, reivindicando o pasado celta que tendeu pontes co resto das nacións celtas europeas coas que se compartían moitos lazos culturais e musicais. Xa na actualidade, a música tradicional ten unha proxección moito maior que no pasado, existen gran variedade de artistas, compositores e agrupacións que veneran e cultivan a música e a cultura popular.

## 2.2. Aproximación á música tradicional na escola na actualidade

No contexto actual, cabe preguntarse se os nenos e nenas de hoxe en día comprenden o valor cultural da música tradicional do seu pobo. Vázquez-Mariño (2003) afirma que a música tradicional é empregada coma un mero instrumento para o acceso á música culta do alumnado que realmente posúa o talento para realizar unha profesionalización musical. Flores (2007), baseándose na afirmación de Swanwick, expón que este

(...) criticaba algunhas actitudes que observara en moitos docentes que empregaban a música popular nas aulas, por exemplo, o seu uso como recompensa ao final dunha lección ou dun trimestre ou programación coma un acontecemento excepcional (...) [o que se debía a que} o profesor non se tomaba en serio estas músicas, porque incluso estaban fóra do plan de estudos. (p. 5)

Na nosa sociedade e na educación actual, existe unha dicotomía no mundo da música entre a “tradición culta” ou “académica” e a “tradición oral” (Vázquez-Mariño, 2003). Isto é exemplificado por Martín Castilla (2010) no seu artigo “*O papel da etnomusicoloxía na educación e na xestión das políticas culturais*”, onde nos explica que no noso sistema educativo, a miúdo “a música académica occidental ocupa a cúspide (da pirámide do coñecemento musical) e o resto son consideradas realizacións máis imperfectas” (p. 88).

Neste artigo, Martín Castilla (2010), tamén expón que o saber formal pódese entender como aquel que está orientado ao traballo da música clásica, mais relacionado coa perfección na execución instrumental, na lectura, análise e interpretación de pezas, pois afirma que “os procedementos académicos occidentais actuais dan prioridade polo xeral á reprodución literal de modelos preexistentes, limitando extremadamente a liberdade creativa e improvisadora” (p. 93). Por outra banda, o saber tradicional non está regulado formalmente, posto que como vimos anteriormente, a súa transmisión céntrase en grupos musicais e asociacións culturais na que a maioría do coñecemento musical é de transmisión oral, ou cun soporte escrito moi limitado. Por exemplo, mentres un músico de formación en conservatorio, con especialidade en percusión, interpretaría de forma perfecta á pandeireta un ritmo escrito nunha partitura, un percusionista tradicional posiblemente aprendería ese mesmo ritmo a través da imitación, arranxando, engadindo ou quitando golpes para adaptalo ao seu xeito de tocar. Martín Castilla (2010) explícao da seguinte forma:

Como exemplo a cuestión da lectura musical con pentagramas. Un músico con anos de experiencia considérase a si mesmo analfabeto musical se non é capaz de ler partituras; confúndese a capacidade de facer música (creala e interpretala) coa capacidade para comprender uns trazos gráficos que recollen aspectos musicais, pero que en si non son máis que grafías, pero que se corresponden cos estándares de excelencia da música académica. (p.88)

Segundo Miniño (1980), xerouse unha problemática de estigmatización entre ámbolos dous grupos, nos que cada un opina que o seu xeito de entender a música é o máis acertado. Para este autor o problema reside na falta de comprensión dos músicos académicos e un descoñecemento sobre o saber tradicional e os seus continuadores. Porén, este autor senta unha idea de confraternidade entre os dous mundos, unha sinerxía na que os músicos académicos aporten medios teóricos que permitan a supervivencia da música tradicional e os músicos tradicionais cedan os seus coñecementos para que a música

tradicional forme parte dos repertorios cultos. En Galicia, isto ben sucedendo dende fai tempo, pois no eido do tradicional, existen escolas adicada á ensinanza da musica popular, como a *Central do Folque* en Santiago de Compostela ou o extinto *Conservatorio de Música Tradicional e Folque* de Lalín. Pola parte da musica académica, son moitos os compositores que se animan a empregar e incorporar melodías tradicionais ás súas obras, coma por exemplo Simón Couceiro. Este acercamento entre estes dous mundos debe ser completado por medio da escola, que debe ser un axente catalizador no que converxan ámbolos dous.

Se analizamos a carga lectiva da materia de Educación Musical a través do Anexo IV do Decreto 105/2014 observamos que á area de Educación Artística, na que está inscrita a materia de Educación Musical, correspóndenlle dúas sesións por semana, unha para Educación Plástica e outra para Educación Musical, fronte ás catro sesións de Lingua Castelá e Literatura ou ás cinco de Matemáticas. Impártese, por tanto, unha sesión por semana de Educación Musical, que como mínimo debe durar entre 50 e 60 minutos dependendo do centro; máis se a iso lle restamos o tempo de traslado dende a aula principal ata a aula de música, e o tempo de organización do alumnado na aula, o tempo útil que se pode empregar na aula é duns 40 minutos aproximadamente. Díaz (2015) afirma que o tempo empregado á área de Educación Artística “semanalmente é escaso, feito que provoca que a maioría dos alumnos e alumnas non teñan a mesma consideración cara esta materia que cara outras vistas socialmente como máis importantes e con maior carga docente” (p. 2).

Compre que, coma nos di Marco Lucato (2001), o profesorado non se acomode na formación recibida durante a etapa universitaria e se manteña nunha formación permanente. É preciso que os docentes especialistas de educación musical comprendan e reflexionen sobre a súa labor e a súa propia práctica, pois da “súa participación, motivación e preparación [depende o] bo funcionamento da ensinanza e a calidade do sistema educativo” (p. 2). O profesorado ten que evolucionar e dar resposta aos novos problemas que emerxen tódolos días con metodoloxías innovadoras que lles permitan acadar un resultado óptimo. No eido da musica tradicional aplicada á aula, é preciso unha renovación dos coñecementos do profesorado sobre a mesma, e tamén das pedagogías musicais que mellor se adaptan a cada tipo de alumnado e permitan unha aprendizaxe axeitada.

### 2.3. Evolución das Pedagogías Musicais do século XX

O docente especialista en Educación Musical debe contar cun grande abanico de destrezas e coñecementos musicais, que para Gillanders (2011) son os seguintes: “Canto, interpretación instrumental, composición, improvisación, danza, historia da música, estilos musicais, repertorio e animación cultural” (p. 55).

Se ben ese é o corpus principal do coñecemento, non podemos deixar a un lado a pedagogía e a metodoloxía a seguir para a consecución dunha aprendizaxe adecuada. Podemos entender por pedagogía o xeito de ensinar determinados contidos. No eido da educación musical existen varias correntes nadas no s. XX co fin de revisar o modo de ensinar música. É no *II Congreso sobre a Pedagogía Musical* da UNESCO levado a cabo en Copenhague en 1958, cando unha gran cantidade de pedagogos coma Jaques Dalcroze, Maurice Martenot, Justine Ward ou Carl Orff, estableceron as bases dese cambio metodolóxico que, segundo Sarget Ros (2003), son as seguintes:

- Emprego do canto como ferramenta para o desenvolvemento da comprensión e expresión lingüística do neno.
- A práctica instrumental como método de socialización e cooperación e grupo.
- Desenvolvemento da memoria musical e maduración fisiolóxica e motriz a través de actividades rítmicas.
- Traballar en prol da distensión no proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- A ensinanza musical como catalizador do gusto estético. (pp. 205-206)

É dicir, chegouse a conclusión de que a través de música e da presenza desta na educación, podíase obter unha aprendizaxe globalizadora e transversal, sempre tendo en conta que a música debe ser un proceso activo, analítico e crítico, que debe axudar á cooperación grupal e debe ter un carácter creativo.

O século XX marcou unha renovación pedagóxica no eido musical, pois como vimos, unha gran cantidade de pedagogos fixeron a súa aportación metodolóxica. Tal e como nos explican Gillanders e Candisano (2011) seguindo a Hemsy de Gainza, podemos dividir estas correntes en 6 etapas cronolóxicas:

- Primeira etapa: nas décadas de 1930 e 1940 xurden os métodos que para Gainza (2003) son os “Precusores”, coma poden ser o Tonika-Do ou o método de Maurice

Chevais. Ditas pedagogías nacen co fin de dar resposta aos “movementos de renovación e procura da simplificación da ensinanza da música que teñen lugar en Europa” (p. 64) durante esa época.

- Segunda etapa: entre os anos 40 e 50 do século XX nacen ao amparo da influencia da Nova Escola os “Métodos Activos”. Estes, tal e como expón Jorquera (2004), comprométense a realizar un proceso de ensinanza musical centrado no suxeito e empregando como recurso didáctico o movemento e a actividade. Dentro desta etapa destácanse os métodos de Dalcroze, Willems e Martenot, sobre os que profundaremos máis adiante.
- Terceira etapa: Xa na metade do século XX aparecen os “Métodos Instrumentais” baseados nunha actividade instrumental eminentemente grupal (Jorquera, 2004) e cun fin de enalzamento do folklоре popular. Os máximos expoñentes desta etapa son Carl Orff, Zoltán Kodály e Shinichi Suzuki.
- Cuarta etapa: no terceiro cuarto do século XX xorden unha serie de métodos que buscan a práctica creativa do alumnado a través da exploración do son e seu uso expresivo. Ditos “Métodos Creativos” corresponden á autoría de George Self, Brian Dennis, John Paynter e Murray Schafer, entre outros.
- Quinta etapa: este período afincado nas décadas de 1980 e 1990 ten un carácter integrador. É aquí onde as novas tecnoloxías, a ecoloxía ou a musicoterapia entran a formar parte do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Sexta etapa: a finais dos 90 e principios do século XXI as metodoloxías adoptan un “novo paradigma” que trata de buscar unha aprendizaxe de tipo máis informal.

Táboa 1: Etapas e metodoloxías musicais principais do s. XX

| Etapas    | Metodoloxías relevantes                                   |
|-----------|---|
| I Etapa   | Métodos Precusores:<br>- Tonika-Do<br>- Maurice Chevais   |
| II Etapa  | Métodos Activos:<br>- Dalcroze<br>- Willems<br>- Martenot |
| III Etapa | Métodos Instrumentais:                                    |

|          |  |
|----------|--|
|          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Carl Orff</li> <li>- Zoltán Kodály</li> <li>- Shinichi Suzuki</li> <li>- Justine Ward</li> </ul>                    |
| IV Etapa | Métodos Creativos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- George Self</li> <li>- Brian Dennis</li> <li>- John Paynter</li> <li>- Murray Schafer</li> </ul> |
| V Etapa  | Métodos Integradores   |
| VI Etapa | Métodos dos novos Paradigmas.  |

Fonte: Elaboración Propia.

A continuación centraremos brevemente nas aportacións de Zoltán Kodály e Carl Orff pola súa vinculación coa música tradicional.

### 2.3.1. Zoltán Kodály (1882-1967)

Kodály entendeu que o neno debe desenvolverse musicalmente a través da música que é máis próxima a el. Esta é a música tradicional, na que se basea todo o seu método. Segundo Gillanders (2001) este pedagogo confía á voz e ao canto a labor de elemento condutor para a súa metodoloxía. A través dela, e da práctica instrumental, busca que o estudante coñeza os elementos musicais (ritmo, melodía, harmonía...).


Os recursos didácticos que emprega Kodály son:

- O solfexo relativo: baseado no emprego da voz coma instrumento transpositor, no que a tónica de calquera tonalidade será lida coma un Do. Isto coñeceuse coma *Do Móbil*, e pode ser un sistema moi interesante se se emprega antes da asimilación do sistema de *Do Fixo* que na actualidade impera na tradición da ensinanza musical, tal e coma nos explica Zuleta (2004):

Este sistema deu excelentes resultados nos países onde tradicionalmente se empregou o sistema de denominación das notas por medio de letras e as sílabas empréganse soamente coma ferramenta de solfexo. Os seus beneficios radican en que o aprendizaxe do solfexo simplifícase ao reducirse a sete sílabas cunha función melódico-tonal moi definida. A dificultade radica

unicamente na situación destas sílabas en calquera das liñas ou espazos do pentagrama. (pp. 73-74).

Fig. 1. Exemplo para a práctica do solfexo



Fonte: Kodály (1972).

- O solfexo silábico: Kodály emprega esta ferramenta para tratar de simplificar a lectura rítmica a través da asociación dunha sílaba a unha figura ou conxunto de figuras. Tomando sempre como referencia de unidade a negra, a que se lle asigna a sílaba Ta e as corcheas a sílaba Ti.

Fig. 2. Solfexo Silábico



Fonte: elaboración propia

- Fononímia: o pedagogo húngaro establece unha serie de símbolos manuais que se asocian co grado da escala no sistema de *Do Móbil*, ou co nome da nota no sistema de *Do Fixo*. Este sistema é moi eficaz á hora de axudar a visualización da música por parte do alumnado.

Como nos indica Zuleta (2004), o método de Zoltán Kodály, pódese adaptar mais non se pode adoptar, xa que está deseñado para un contexto moi específico. Aínda así, o método pode ser aplicado, *mutatis mutandis*, en calquera outro contexto, pois con este método podemos practicar a través das ferramentas antes descritas, a interpretación de calquera peza tradicional que se axeite ao nivel do noso grupo aula.

### 2.3.2. Carl Orff (1895-1982)

Se Orff destacou na súa faceta de compositor, tamén o fixo coma pedagogo musical. Nos seus cinco volumes denominados *Musik für Kinder*, recolle unha gran cantidade de materiais, pezas deseñadas para traballar na aula, e senta as bases da súa metodoloxía, fundamentalmente baseadas en pezas “propias de cada comunidade e o folklore popular” (Gillanders, 2001, p. 38).

O sistema de Carl Orff ten coma función principal o desenvolvemento da percepción e da expresión do neno, integrando a linguaxe, coa música e o movemento, con fin de xerar un aprendizaxe globalizada e profunda (Vicente Nicolás, 2009).

Para traballar ritmo e a prosodia, o método deseñado por Orff emprega palabras cuxas silabas encaixen a perfección en determinados esquemas rítmicos, en función da correlación entre o número de sílabas e o número de golpes do esquema rítmico. Orff propón traballar a voz a través da entoación de intervalos recollidos dentro da escala pentatónica nun primeiro intre para despois ampliala á diatónica tanto en modo maior coma menor (Gillanders, 2001).

Sen dúbida, unha das aportacións á educación máis importante de Carl Orff, como afirma Vicente Nicolás (2009), son os instrumentos de percusión que levan o seu nome. Trátase dun conxunto de instrumentos de láminas a través das cales introdúcese aos nenos á interpretación grupal e a improvisación. Ditos instrumentos, constan de láminas de madeira ou metal, afinadas na tonalidade de Do maior, e están ordenados por rexistro. Estes permiten a interpretación de pezas nas que cada discente desempeña un rol diferente, pois o papel que interpreta un metalófono baixo, non ten nada que ver coa voz dun carillón soprano. Isto da unha perspectiva nova ao neno ao descubrir a polifonía. Outro punto fundamental da súa metodoloxía é a improvisación, tanto vocal e instrumental, mediante o canto ou interpretación sobre un baixo harmónico, esquemas de pregunta e resposta ou uso de escalas pentatónicas con instrumentos Orff retirando as placas fa e si (IV e VII grados) para evitar disonancias. En palabras de Jorquera (2004): “Entre outros, o concepto orffiano tivo o mérito de introducir nas aulas escolares de moitos países de Occidente instrumentos de calidade superior respecto aos que se acostumaba a empregar ata entón” (p. 32)

Como vimos, calquera metodoloxía é útil para a ensinanza da música tradicional, pois todas elas presentan calidades que poden axudar a afianzar os contidos musicais no noso alumnado. Nesta proposta de innovación educativa, tentaremos facer unha síntese global de todas as metodoloxías, recollendo os aspectos máis interesantes de cada unha das mesmas, engadindo tamén pinceladas do noso propio traballo persoal.

#### 2.4. Música tradicional na lexislación educativa galega

En Galicia, dende o ano 2014, o currículo a seguir a nivel educativo é o publicado no Decreto 105/2014. Este documento é unha adaptación do texto que se publicou a nivel estatal, posto que no artigo 31 do Estatuto de Autonomía da nosa comunidade, establécese que é a administración galega a encargada de regular o ensino.

A materia de Educación Musical está enmarcada na Área de Educación Artística, que comparte coa materia de Educación Plástica. O currículo estipula que esta Área está centrada en aportar ferramentas que sexan útiles para que o alumnado poida analizar e valorar de forma crítica as producións artísticas, sempre dentro dunha aprendizaxe por competencias. Así mesmo, o decreto insta a división da materia de educación musical en tres bloques:

- Bloque 1, “A escoita”: enfocado á ensinanza da escoita activa e da conciencia sonora do entorno do alumnado.
- Bloque 2, “A interpretación musical”: este apartado está orientado á creación musical dende un punto de vista cooperativo e de auto superación.
- Bloque 3, “A música, o movemento e a danza”: este bloque está deseñado para dar lugar á creatividade e a expresividade do alumnado a través do movemento e o baile.

Por outra banda, no decreto 105/2014, a materia de educación primaria está dividida en seis cursos, nos que a ensinanza da música tradicional está presente de forma explícita do seguinte xeito:

Táboa 2. Contidos e Criterios de Avaliación relacionados coa Música Tradicional recollidos no decreto 105/2014

| Curso | Contidos   | Criterios de Avaliación  |
|-------|--|--|
| 1º    | Non se fai referencia explícita a música ou danza tradicional.   |  |
| 2º    | B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>B1.9. Audición activa dalgũa peza do repertorio tradicional galego.  |  |
| 3º    | B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.  | B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas   |
| 4º    | B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.   | B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas   |
| 5º    | B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras. | B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.  |
| 6º    | B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.<br>B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.<br>B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a                      | B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.<br>B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao |

|  |   |   |
|--|---|---|
|  | súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. | patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. |
|--|---|---|

Fonte: elaboración propia.

Como vemos, existe unha gran referencia á música tradicional no currículo, mais co fin de revalorizar a música popular galega dentro da ensinanza, poderíamos adaptar outros contidos presentes no mesmo e así enriquecer máis a aprendizaxe. A táboa anterior mostra os contidos e os criterios de avaliación que teñen relación directa coa música tradicional; na seguinte táboa detállanse algúns contidos e criterios de avaliación para empregar a música tradicional coma elemento vehicular.

Táboa 3. Contidos e Criterios de Avaliación adaptables para traballar a Música Tradicional recollidos no decreto 105/2014

| Curso | Contidos   | Criterios de Avaliación   |
|-------|--|---|
| 1º    | B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br>B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.<br>B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.<br>B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas. | B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.   |
| 2º    | B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.<br>B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.<br>B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.   | B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.                  |
| 3º    | B1.10. Compases binarios e ternario.<br>B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha   | B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe |

|    |  |  |
|----|--|--|
|    | peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.<br>B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas   | musical.   |
| 4º | B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.<br>B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.<br>B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos. | B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.   |
| 5º | B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.<br>B1.11. Instrumentos doutras culturas.  | B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.   |
| 6º | B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.<br>B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.  | B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. |

*Fonte:* Elaboración propia.

O abanico de posibilidades que nos propón o marco lexislativo é amplo se o noso fin é involucrar ao alumnado coa música popular. Sempre hai que ter en conta o nivel do alumnado co que partimos, e é importante saber se entre os nosos discentes existe tradición musical e de que tipo é esta. Tamén hai ser conscientes do contexto do centro, pois non atoparemos as mesmas circunstancias nun centro de ámbito rural que noutro urbano. Aínda así, debemos de garantir unha ensinanza en igualdade de oportunidades, coma nos di o artigo 82 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

### 3. Proposta de intervención: “Música Tradicional e Culturas Veciñas”

#### 3.1. Xustificación da Proposta

Esta proposta de intervención ten como obxectivo xerar un achegamento do alumnado de sexto curso de educación primaria á música tradicional galega no contexto educativo, entendendo a nosa música como un elemento vehicular que nos permita aproximarnos as raíces da nosa cultura, así coma estreitar lazos musicais con outras tradicións próximas. Esta proposta trata, polo tanto, de facer conectar ao alumnado de sexto curso de educación primaria coa tradición musical galega. Tómase como referencia o *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, no que, como vimos no último punto da táboa nº2, faise referencia á música tradicional nos contidos curriculares B1.5 B.1.6 e B3.2. así coma nos criterios de avaliación B1.3. B3.1.

A nosa proposta ancórase tamén no traballo de Casals (2009) sobre a integración da música tradicional nun contexto educativo co fin de mostrar unha percepción e unha grande consideración pola cultura e a tradición propias e, consecuentemente, polas alleas que tamén deben ser incluídas na nosa programación didáctica. Así mesmo Davis (2009) entende que é fundamental o emprego activo de recursos didácticos chegados da música tradicional, xa que pode xerar un “modelo de transmisión cultural que estea directamente relacionado coa conservación dos saberes e estea baseado na interiorización das habilidades e dos coñecementos da cultura” (Valverde y Godall, 2018, p. 18).

Se ben é certo que, como vimos anteriormente, a música tradicional forma parte do currículo de educación primaria, consideramos que é preciso un enfoque metodolóxico que aborde esta dende un punto de vista máis holístico e que trate de mostrar e elevar o valor que a nosa música ten dentro da nosa cultura dende a raíz do sistema educativo. Por este motivo, é necesario que na formación inicial dos docentes se aborde esta temática co fin de que os docentes poidan coñecer e entender a nosa música, os xéneros, as temáticas, os instrumentos e as súas variantes; así como dominar os cancioneros máis importantes. Só deste xeito, os mestras e mestres serán quen de equilibrar e adaptar satisfactoriamente os contidos máis axeitados ao seu grupo aula.

Esta proposta trata, por tanto, de exemplificar co seu desenvolvemento, un novo enfoque á hora de ensinar música tradicional, co fin de involucrar ao alumnado coa tradición e transmitir unha visión positiva e sen prexuízos da mesma. Debido ás restricións sanitarias

derivadas da expansión do virus SARS-CoV-2 non puidemos implantar persoalmente a proposta na aula. Da súa posta en marcha encargouse o docente especialista de música dun dos colexios de primaria da vila de Lalín, quen adaptou as tres unidades didácticas ao seu grupo e cas restricións sanitarias vixentes.

### 3.2. Competencias Xerais da Proposta

As competencias, segundo o currículo autonómico establecido polo *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, son as “capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos” (p. 37406).

Principalmente, esta proposta pretende desenvolver as seguintes competencias clave recollidas no Artigo 5 dese mesmo decreto, e que son:

- Comunicación lingüística (CCL): a aula é un contexto comunicativo principalmente verbal, no que a comprensión e expresión oral son fundamentais. Por outra banda, traballaremos a comprensión e expresión escrita a través de actividades de procura de información e síntese da mesma.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): A música ten unha grande relación coas matemáticas, á hora de ler e interpretar unha partitura ou realizar un ditado rítmico estaremos contribuindo á competencia matemática.
- Competencia dixital (CD): no mundo actual é imprescindible esta competencia, por iso traballáremola a través de actividades como pode ser o emprego das TIC para a procura de información ou o uso de software de notación para escribir e editar pezas musicais.
- Aprender a aprender (CAA): é importante que o docente sexa un facilitador de ferramentas e non un mero transmisor do coñecemento. Por iso empregaremos actividades como, por exemplo, a análise sinxelo de pezas que lle faciliten ferramentas ao noso alumnado para discriminar entre xéneros musicais, temáticas e instrumentos no futuro.
- Competencias sociais e cívicas (CSC): o emprego de actividades que se realicen en grupo é imprescindible para contribuír con dita competencia.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): para contribuír con ela debemos empregar actividades que xeren no alumnado interese, imaxinación e autonomía. Por iso traballaremos a composición de pezas e letras, tanto en grupo coma de xeito individual.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC): facilitaremos esta competencia a través de actividades de recompilación de información sobre a música, instrumentos e danzas da nosa e doutras culturas.

Por outra banda, as competencias propias do aprendizaxe da música tradicional que tratamos de conseguir son as seguintes:

- Creatividade e Capacidade Crítica (CCC): a través do traballo individual e grupal, tentaremos que os nosos discentes sexan quen de comprender, arranxar e analizar polos seus propios medios os elementos da música tradicional.
- Compromiso e Conciencia coa Musica Tradicional (CCMT): esta competencia traballarase con actividades como a procura de información co fin de xerar un alto estima sobre a nosa música e un alumnado involucrado con ela.

### 3.3. Obxectivos Xerais da Proposta

Se ben as competencias clave das que falamos no apartado anterior están deseñadas para a súa consecución ao logo de todas as etapas da educación, os obxectivos xerais son específicos de toda etapa de educación primaria e están recollidos no artigo 3 do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*. Así mesmo, os obxectivos didácticos teñen un carácter máis concreto e aplícanse a unha unidade didáctica; e é nestas nas que estes tres elementos atopan a coherencia.

Na materia de Educación Musical, os obxectivos xerais aos que máis contribuiremos veñen marcados polo propio decreto, e son os seguintes:

- A) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- B) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a,

sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- D) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- E) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- H) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- I) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- J) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- O) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. (pp. 37413-37414)

A maiores, os obxectivos relacionados coa música tradicional que faremos chegar ao noso alumnado con esta proposta son:

- O.1: Coñecer a fisionomía principal da música tradicional a súa historia e a importancia dentro da nosa cultura.
- O.2: Entender e diferenciar entre os diferentes xéneros e temáticas da música tradicional.
- O.3: Coñecer os instrumentos principais da música tradicional.
- O.4: Interpretar de forma axeitada en grupo e individualmente pezas de carácter tradicional.
- O.5: Establecer lazos con outras culturas relacionadas coa música celta.

#### 3.4. Contidos

Os contidos forman parte do corpus fundamental de calquera proposta educativa e responden á pregunta do “qué ensinar”. Todas as unidades didácticas desta proposta están

fundamentadas nos contidos presentados nas táboas do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, que son os seguintes:

- B.1.1: Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. (...)
- B.1.3: Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. (...)
- B.1.5: Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.
- B.1.6: Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.
- B.1.7: Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.
- B.2.2: Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.
- B.2.3: Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.
- B.2.4: Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.
- B.2.5: Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- B.2.6: Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.
- B.2.7: Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final
- B.2.8: Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- B.2.10: Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.
- B.3.2: Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. (pp. 37971-37975)

### 3.5. Metodoloxía

A consecución final desta proposta, como xa vimos, é a de crear consciencia no noso alumnado sobre a importancia da nosa música tradicional, así coma prove-lo das ferramentas competenciais básicas para o seu entendemento e disfrute.

A través disto buscamos unha práctica dos contidos e das ferramentas empregadas, escollendo na medida do posible a praxe fronte a teoría. Apostamos, polo tanto, por recursos interactivos e manipulábeis, como poden ser as TIC, que nos permitan un discurso fluído e funcional da aula, favorecendo a atención do alumnado. Así mesmo, facendo referencia aos pedagogos musicais do s.XX, máis en concreto aos autores dos métodos da terceira etapa, empregaremos os instrumentos da aula co fin de xerar unha aprendizaxe máis reforzada e sólida no tempo.

O papel do docente non é o dun mero transmisor do coñecemento, este debe participar activamente na mediación entre o coñecemento e o alumnado. Polo tanto, non buscamos unicamente que o noso alumnado aprenda uns contidos, se non que tamén deben ser capaces de desenvolver unha actitude crítica fronte ao análise e contraste de información de forma activa e autónoma. Así é que o docente debe supervisar en todo momento o desenvolvemento da actividade no aula para asegurarse de que os contidos e as actitudes estanse a desenvolver correctamente e co fin de levar a cabo unha avaliación o máis rigorosa posible.

### 3.6. Avaliación

Entendemos por avaliación o proceso mediante o cal podemos determinar o nivel de coñecemento acadado polo alumno ao longo dun proceso de aprendizaxe. As unidades didácticas que conforman esta proposta avaliaranse de forma independente unhas doutras.

O método de avaliación será aditivo e continuo, pois como “o proceso avaliador non debe centrarse en actividades específicas senón, en grande medida, na mesma actividade ordinaria do aula” (Rosales, 2014, p. 7) facilitaremos unha maior implicación do alumnado ao longo do transcurso de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Co fin de adaptarnos ás necesidades de cada unidade e dos nosos discentes, os instrumentos de avaliación que empregaremos no transcurso desta proposta serán principalmente os seguintes:

- Caderno de notas do docente: onde este rexistrará a actitude e datos relevantes de cada alumno no transcurso das actividades de aula.
- Probas escritas: probas e exercicios de distinta índole (pregunta curta, verdadeiro falso, completar os ocos...) que podemos atopar nos Bloques de Exercicios dos anexos II, IV, V e VI.
- Probas orais : deseñadas para avaliar a través de preguntas de forma verbal.
- Probas Instrumentais: co fin de avaliar o desenvolvemento do alumnado á hora de empregar instrumentos musicais.

### 3.7. Unidades didácticas

Esta proposta de intervención consta de tres unidades didácticas que terán como fío condutor a música tradicional, sendo a primeira unha introdución á mesma, a segunda unha especialización máis enfocada cara o traballo práctico, e a terceira destinada ao afondamento nas músicas tradicionais ligadas á nosa.

En canto á súa temporalización, tendo en conta que un curso escolar ten aproximadamente unhas 35 sesións da materia de Educación Musical, e á súa vez, esta xeralmente conta con 15 unidades didácticas, as nosas tres unidades didácticas distribuiranse ao longo de dos tres trimestres, unha por cada un deles, contando con tres sesións por unidade.

#### 3.7.1. Unidade Didáctica 1: *A nosa música*

Esta unidade pretende ofrecer unha aproximación global á música e a danza tradicional a través da cultura máis próxima ao noso alumnado. Empregaremos tres sesións que están orientadas ao traballo dos contidos relacionados cos bloque 1 e 2 do currículo. Estas distribúense do seguinte xeito:

- Sesión 0: Ao final da última sesión (na que se traballa a unidade didáctica que precede a esta) comentaremos ao noso alumnado a tarefa de procurar información sobre a música e danza tradicional da súa contorna e estableceranse grupos de 5 alumnos e alumnas. Os discentes deben empregar as ferramentas na web e tamén recollida de datos a través de entrevistas a familiares, veciños ou amigos. Deben traer nunha memoria USB todo o material recollido á seguinte aula.

- Sesión 1: Coa información que o alumnado recolleu, debe elaborar unha breve presentación en formato PowerPoint que presentarán a continuación. O docente debe supervisar de forma activa a elaboración das mesmas para axudar a perfilar posibles erros, sempre actuando como mediador entre o coñecemento e o alumno, non coma mero transmisor do mesmo. Igualmente, este irá completando as exposicións para preparar ao alumnado para á segunda sesión. Esta sesión sérvenos para avaliar o coñecemento previo do alumando.
- Sesión 2: Unha vez feita a primeira aproximación a música da contorna o docente empregará o Material Didáctico I (Anexo I) para a explicación dos xéneros e as temáticas máis importantes que podemos atopar na nosa música, poñendo especial fincapé na diferenciación e identificación de Muiñeiras e Xotas a través de audicións. Posteriormente, na segunda metade da clase realizaremos exercicios escritos individuais do Bloque de Exercicios 1 (Anexo II) e corrixiremos en forma de asemblea para asegurarnos de que os contidos están comprendidos.
- Sesión 3: Nesta sesión final da primeira unidade didáctica contaremos con Xosé V. Ferreirós, membro fundacional do grupo Milladoiro e docente especialista en educación musical en activo. A través del, o alumnado coñecerá *in situ* os diferentes instrumentos tradicionais da nosa música ademais de poder escoitar algunha das pezas máis relevantes do noso folclore. O alumnado poderá seguir as explicacións e algunhas das pezas a través do Material Didáctico II (Anexo III e que lles servirá coma repaso para o Bloque de Exercicios 2 (Anexo IV que levarán como tarefa para casa e que corrixirá o docente individualmente.

Táboa 4: U.D. 1

| Unidade nº 1 | Título: <i>A nosa música</i>   | Trimestre: 1º | Sesións: 3 |
|--------------|--|---------------|------------|
| Materiais:   | Material didáctico I<br>Material didáctico II<br>Bloque de Exercicios 1<br>Bloque de Exercicios 2                                    |               |            |
| Introdución: | U.D deseñada para ofrecer unha aproximación global á música e a danza tradicional a través da cultura máis próxima ao noso alumnado. |               |            |

|                               |  |                                  |  |  |
|-------------------------------|--|----------------------------------|--|--|
| Obxectivos curriculares       | J<br>B<br>O<br>E<br>H<br>A<br>I  | Competencias Clave               | CCL<br>CD<br>CMCT<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC |  |
| Obxectivos Didácticos Propios | O.1<br>O.2<br>O.3  | Competencias Propias             | CCMT   |  |
| Contidos                      | Criterios  | Estándares                       | Peso (%)   | Instr. Avaliación  |
| B.1.3<br>B.1.5                | B.1.2  | EMB.1.2.1<br>EMB.1.2.2           | 20   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Caderno de notas do docente</li> <li>- Probas escritas</li> <li>- Probas orais</li> </ul> |
| B.1.6<br>B.1.7                | B.1.3  | EMB1.3.1.                        | 20   |  |
| B.2.4<br>B.2.5<br>B.2.8       | B.2.2  | EMB2.2.1.                        | 20   |  |
| B.2.10                        | B.2.3  | EMB2.3.1<br>EMB2.3.2             | 20   |  |
| B.3.2                         | B3.1   | EMB3.1.1<br>EMB3.1.7<br>EMB3.1.8 | 20   |  |
| Actividades Tipo              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura de información sobre a música e danza tradicional da contorna na web e coa recollida de datos a través de entrevistas.</li> <li>- Posta en común da actividade de procura de información.</li> <li>- Audición activa para diferenciación dos xéneros Muiñeira e Xota.</li> <li>- Exercicios individuais.</li> <li>- Concerto/representación didáctica de música tradicional.</li> </ul> |                                  |  |  |

Fonte: elaboración propia.

### 3.7.2. Unidade Didáctica 2: *Facemos Música Tradicional*

Nesta segunda unidade didáctica, enmarcada dentro do segundo trimestre, centrarémonos no arranxo e interpretación musical de pezas populares, contribuíndo principalmente ao desenvolvemento do bloque 2 do currículo galego.

Como a unidade nº1, esta tamén será presentada en tres sesións:

- Sesión 1: empregaremos a primeira metade desta sesión para facer unha revisión dos medios cos que contamos para a procura de música tradicional, empregaremos plataformas de streaming coma Youtube ou Spotify, así coma cancioneros coma *Eu non canto por cantar* de Rico e Santamarina ou extractos do *Cancionero Musical de Galicia* de Casto Sampedro.

A segunda metade da clase dedicarémola a potenciar o uso do programa Musescore, facendo un arranxo guiado da peza 1 (anexo VII) que empregaremos para a seguinte sesión. Para isto o docente na pantalla dixital irá proxectando os pasos e os discentes imitando. A vantaxe deste tipo de ferramentas é a inmediatez de poder escoitar e rectificar no momento. Ao final da clase enviaremos o MIDI resultante do arranxo en arquivo mp3 ao noso alumnado para que o escoite durante a semana facilitando a súa memorización.

- Sesións 2 e 3: o tempo completo destas aulas estará dedicado a montar a peza que arranxamos previamente. Faremos un reparto inicial dos papeis que iremos modificando co fin de axustalo as posibilidades de cada alumno. Comezaremos traballando cos metalófonos e xilófonos baixos, despois polos PAI, para continuar co resto de instrumentos PAD que conforman a harmonía en orde ascendente, para rematar polas melodías das frautas. Para iso empregaremos o MIDI como acompañamento a través da ferramenta Audacity, engadindo ou quitando pistas e xogando co tempo da peza segundo sexa necesario para adaptarnos ás necesidades do alumnado. Ao final da sesión 3, gravaremos e escoitaremos a peza.

Estas sesións deben ter unha gran adaptabilidade, e por iso debemos ter en conta que pode ser que teñamos que reformular a clase durante o transcurso da mesma para adaptarnos ao alumnado, coma por exemplo, tendo pezas arranxadas por se a principal resulta moi sinxela (anexo VIII) ou facendo rotacións nos instrumentos.

Táboa 5: U.D. 2

|                               |   |                      |  |   |
|-------------------------------|---|----------------------|--|---|
| Unidade nº 2                  | Título: <i>Facemos Música Tradicional</i>                                     |                      | Trimestre: 2º                                    | Sesións: 3  |
| Materiais:                    | Cancioneiros<br>Peza 1<br>Peza 2<br>Arquivos MIDI<br>Micrófono                |                      |  |   |
| Introdución:                  | U.D. dedicada á procura, arranxo e interpretación musical de pezas populares. |                      |  |   |
| Obxectivos curriculares       | J<br>B<br>O<br>E<br>H<br>A<br>I   | Competencias Clave   | CCL<br>CD<br>CMCT<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC |   |
| Obxectivos Didácticos Propios | O.1<br>O.4  | Competencias Propias | CCMT<br>CCC                                      |   |
| Contidos                      | Crterios  | Estándares           | Peso (%)   | Instr. Avaliación   |
| B.1.1                         | B.1.1   | EMB1.1.1             | 10   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Caderno de notas do docente</li> <li>- Probas orais</li> <li>- Probas Instrumentais</li> </ul> |
| B.1.5                         | B.1.2   | EMB1.2.2             | 10   |   |
| B.1.6                         | B.1.3   | EMB1.3.1             | 20   |   |
| B.2.2                         | B.2.2   | EMB2.2.2             | 40   |   |
| B.2.3                         |   | EMB2.2.3             |  |   |
| B.2.4                         |   | EMB2.2.4             |  |   |
| B.2.5                         |   | EMB2.2.5             |  |   |
| B.2.6                         |   | EMB2.2.6             |  |   |
| B.2.7                         |   | EMB2.2.7             |  |   |
| B.2.8                         |   |                      |  |   |
| B.2.10                        | B.2.3   | EMB2.3.3             | 20   |   |

|                     |   |
|---------------------|---|
| Actividades<br>Tipo | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura guiada de pezas usando diferentes fontes (plataformas de streaming, paxinas web, cancioneros...)</li> <li>- Arranxo de pezas a través do software libre Musescore</li> <li>- Ensaio e interpretación musical da peza 1</li> <li>- Gravación</li> </ul> |
|---------------------|---|

Fonte: elaboración propia.

### 3.7.3. Unidade Didáctica 3: *A música Celta*

A derradeira unidade desta proposta está encamiñada a coñecer as novas músicas que teñen relación coa nosa propia. Faremos unha revisión da revolución musical celta de finais do s.XX, tanto en Galicia coma no resto de Europa, e das achegas que isto nos deu na actualidade.

Como as anteriores, dividirase en tres sesións:

- Sesións 1 e 2: empregaremos estas dúas primeiras sesión o visionamento do documental *Naqueles tempos 04, Sexamos celtas 1976 -1979* realizado pola TVG e que fai una revisión histórica da música celta e a súa influencia na Galicia da transición cara a democracia. Este documental ten unha duración duns 52 minutos, e será dividido en dous; unha primeira parte que se verá na primeira sesión e que chega ata o minuto 27, e unha segunda parte que veremos na segunda sesión dende o min 28 ata o final. Estas sesións non deben ser un mero visionamento, pois para evitar unha perda de interés por parte do alumnado, o docente debe activalo parando o vídeo e interpelándoo con preguntas. Desta forma, podemos asegurarnos do nivel de concentración e adquisición de contidos do noso alumnado.

Despois de cada sesión de visionamento, tamén realizaremos o Bloque de Exercicios 3 e 4 (anexos V e VI) para afianzar os coñecementos.

- Sesión 3: na derradeira sesión ensaiaremos e interpretaremos a peza 3 que podemos atopar arranxada no anexo IX seguindo o esquema plantexado nas sesións 2 e 3 da unidade didáctica nº2. Facendo un reparto inicial dos papeis axustado á experiencia de interpretación anterior da unidade didáctica nº2 e as posibilidades de cada alumno. Traballaremos en sentido ascendente, comezando cos metalófonos e xilófonos baixos, despois polos PAI, para continuar co resto de instrumentos PAD que conforman a harmonía en orde ascendente, e rematar

polas melodías. Como na sesións anteriores, empregaremos o MIDI como acompañamento a través da ferramenta Audacity, engadindo ou quitando pistas e xogando co tempo da peza segundo sexa necesario para adaptarnos ás necesidades do alumnado. O final da sesión dedicarémolo a gravar e revisar a peza.

Táboa 6: U.D. 3

|                               |  |  |  |  |
|-------------------------------|--|--|--|--|
| Unidade nº 3                  | Título: <i>A música Celta</i>  |  | Trimestre: 3º                                    | Sesións: 3   |
| Materiais:                    | Documental <i>Naqueles tempos (TVG) 04 Sexamos celtas 1976 -1979</i><br>Peza 3<br>Bloque de Exercicios 3<br>Bloque de Exercicios 4 |  |  |  |
| Introdución:                  | U.D. pensada para coñecer e interpretar as novas músicas que teñen relación coa nosa propia  |  |  |  |
| Obxectivos curriculares       | J<br>B<br>O<br>E<br>H<br>A<br>I  | Competencias Clave                                       | CCL<br>CD<br>CMCT<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC |  |
| Obxectivos Didácticos Propios | O.1<br>O.2<br>O.3<br>O.4<br>O.5  | Competencias Propias                                     | CCMT<br>CCC                                      |  |
| Contidos                      | Criterios  | Estándares   | Peso (%)   | Instr. Avaliación  |
| B.1.1<br>B.2.2                | B.1.1  | EMB1.1.1   | 5  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Caderno de notas do docente</li> <li>- Probas escritas</li> <li>- Probas orais</li> <li>- Probas Instrumentais</li> </ul> |
| B.1.3<br>B.1.5                | B.1.2  | EMB1.2.1<br>EMB1.2.2                                     | 15   |  |
| B.1.6                         | B.1.3  | EMB1.3.1   | 20   |  |
| B.2.2<br>B.2.3<br>B.2.4       | B.2.2  | EMB2.2.2<br>EMB2.2.3<br>EMB2.2.4<br>EMB2.2.5<br>EMB2.2.6 | 40   |  |

|                     |   |                      |    |  |
|---------------------|---|----------------------|----|--|
| B.2.5               |   | EMB2.2.7             |    |  |
| B.2.6               |   |                      |    |  |
| B.2.7               |   |                      |    |  |
| B.2.8               |   |                      |    |  |
| B.2.10              | B.2.3   | EMB2.3.1<br>EMB2.3.3 | 20 |  |
| Actividades<br>Tipo | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionamento do Documental <i>Naqueles tempos (TVG) 04 Sexamos celtas 1976 -1979</i></li> <li>- Realización de exercicios</li> <li>- Ensaio, interpretación e gravación da peza 3</li> </ul> |                      |    |  |

Fonte: elaboración propia.

### 3.8. Materiais e recursos didácticos empregados

#### 3.8.1. Material Didáctico nº1

Este material didáctico fai un breve resumo da música tradicional galega. De forma xeral e esquemática expresa os conceptos fundamentais relacionados coa música tradicional.

Conta cun primeiro apartado, no que comentamos o papel da música na cultura galega no pasado e as funcións coas que contaba. No segundo epígrafe explicamos os xéneros máis importantes da nosa música. Estes son:

- Cantos Arcaicos
- Muiñeiras
- Xotas

Aproveitando as explicacións engadimos termos de linguaxe musical coma *Adagio*, *ad Libitum* ou *Hemiolia*, para enriquecer o vocabulario do alumnado. As explicacións van acompañadas de pezas extraídas do cancionero *Eu non canto por cantar* de Rico e Santamarina que compren a labor de exemplificar ditas explicacións. Escollemos este cancionero pola súa accesibilidade na edición, que permite unha lectura máis clara e sinxela que outros máis complexos. Por último, o derradeiro punto fai referencia ás temáticas principais.

Os discentes contarán con este material na súa computadora en formato PDF para que poidan consultalo con maior facilidade.

### 3.8.2. Bloque de exercicios nº1

Este conxunto de exercicios está dedicado a complementar e afianzar os contidos do material didáctico 1. Conta con un exercicio de completar os ocios, outro de verdadeiro ou falso e un de resposta curta. A funcionalidade destas preguntas curtas é asegurarse de que os contidos foron asimilados de xeito correcto e tamén cumpre coa función de avaliación.

Estes exercicios entregaranse en formato físico para poder recollelos e avalialos individualmente.

### 3.8.3. Material Didáctico nº2

Este material, que tamén se entregará en formato PDF, é un complemento á visita de Xosé Ferreirós, quen, pola súa formación profesional no eido musical e no educativo, fará unha explicación e demostración axeitada dos instrumentos e da súa función na música tradicional.

Dentro deste podemos atopar unha aproximación aos instrumentos máis importantes da nosa música, baseado nas explicacións de Pablo Carpintero na web do Consello da Cultura Galega, na que aparece reflexada toda a clasificación dos instrumentos tradicionais e a que poden acceder a través da ligazón que se inclúe neste material.

Así mesmo, cada instrumento ten unha ligazón á que o alumnado debe acceder para ampliar o seu coñecemento sobre el.

### 3.8.4. Bloque de exercicios nº2

A través deste segundo apartado de exercicios, que tamén se entregará en formato papel, buscamos afianzar e comprobar os contidos explicados na visita de Xosé Ferreirós e no Material Didáctico nº2.

Trátase de tres exercicios breves que, como no Bloque de Exercicios nº1, tamén terán unha función avaliativa.

### 3.8.5. Peza 1

A primeira peza que se interpretará é un arranxo da *Muiñeira* recollida por Casto Sampedro en Poio e que conta coa numeración 315 no seu cancionero.

Escollemos esta muiñeira xa que presenta unha melodía sinxela en compás de 6/8 que se despraza por grados conxuntos ou intervalos de 3ª xeralmente, está na tonalidade de do maior e o seu ámbito é reducido. Está provista de dúas frases, dentro das cales hai dúas semifrases; ritmicamente non presenta maior complicación que as síncopas do compás 12.

O arranxo está distribuído da seguinte forma:

- Frauta doce: melodía orixinal.
- Carillón Soprano: dobra a melodía unha octava arriba.
- Xilófono Soprano: simplifica a melodía.
- Metalófono Contralto: realiza a harmonía a ritmo de negra con puntillo.
- Triángulo: acompaña á melodía a ritmo de negra corchea.
- Bombo: acompaña ao baixo e á harmonía co ritmo de negra con puntillo.
- Metalófono Baixo: leva a nota pedal a ritmo de branca con puntillo.

A maiores, inclúe os cifrados para que o docente poida acompañar con algún instrumento harmónico coma a guitarra ou o piano.

#### 3.8.6. Peza 2

A peza de reserva coa que contamos é o *Alalá das Mariñas*. Unha peza cun arranxo máis sinxelo que pode ser traballada en menor tempo que a anterior. A súa melodía tamén se despraza por grados conxuntos e o ámbito é amplo, pois acada a octava.

Conta coa seguinte distribución:

- Frauta doce: melodía orixinal.
- Carillón Soprano: dobra a melodía.
- Xilófono Soprano: realiza a harmonía en notas dobres a ritmo de branca.
- Metalófono Contralto: realiza a harmonía a ritmo de branca.
- Sintetizador: pola súa complexidade, este instrumento queda reservado para o docente ou alumno cos coñecementos necesarios, interpreta a harmonía.
- Metalófono Baixo: leva a nota pedal a ritmo de redonda.

#### 3.8.7. Bloque de exercicios nº3 e nº4

A realización destes bloques farase despois do visionamento de cada unha das partes do documental *Naqueles tempos 04 Sexamos celtas 1976 -1979* da TVG. Seguindo o esquema de preguntas curtas, as dúas primeiras cuestións tratan de afianzar os contidos vistos no documental, mentres que a terceira pregunta fai indagar aos discentes na web para ampliar coñecementos. Igual que o resto de bloques de exercicios, terá unha función avaliativa e entregarse en formato físico.

Pola súa parte, o documental foi escollido debido á súa capacidade de síntese do tema a tratar e pola boa representación e rigor que mostra. Nel podemos ver e escoitar entrevistas aos personaxes reais do cambio da música folk ao final do século XX, e ademais, ao ser un recurso audiovisual empatiza en maior medida co noso alumnado.

### 3.8.8. Peza 3

Esta derradeira peza que interpretaremos nesta proposta é *Fáinne Geal an Lae*, trátase dunha peza tradicional irlandesa que consta de dúas melodías sinxelas que seguen o esquema A-B-B-A. Esta peza, tradicionalmente interpretase en Re maior, pero co fin de facilitar a interpretación ao alumnado transportouse a Do maior. O seu ámbito é amplo e destaca o intervalo de 6ª dos compases 7 e 11, que poden resultar complexos pero asumibles polo alumnado. A distribución instrumental é a seguinte:

- Frauta doce: melodía orixinal.
- Carillón Soprano: dobra a melodía principal.
- Xilófono Soprano: emprega arpéxeos sobre os acordes de I, III, IV e V grado.
- Metalófono Contralto: xera a harmonía cun ritmo de brancas
- Caixa: acompaña á melodía a ritmo de dúas negras e unha branca na frase A, invértese na frase B.
- Bombo: acompaña ao baixo e á harmonía do Metalófono Contralto.
- Metalófono Baixo: leva a nota pedal a ritmo de redonda.

### 3.9. Implantación da Proposta

Debido á situación provocada polo virus SARS-CoV-2 e as medidas de protección que se están empregando para evitar a súa propagación, non puiden levar a proposta de intervención a cabo en persoa nunha aula de primaria. Non obstante, esta foi posta en marcha polo mestre especialista en música dun dos colexios de educación primaria de Lalín.

O mestre adaptou para os seu grupo de sexto curso de educación primaria algunhas das sesións que se presentan no apartado anterior. En liñas xerais, segundo a experiencia transmitida polo docente, a proposta funcionou correctamente e resultou moi interesante, dende o punto de vista dos contidos e das temáticas propostas, como polas propias reflexións ás que chegou o alumnado en torno á nosa música tradicional. Pola contra, o docente atopouse con dous impedimentos:

- O tempo: o docente explícanos que no seu centro as sesións son de 50 minutos, ás que hai que restarlle uns 15 ou 20 minutos derivados do traslado á aula e as medidas de desinfección do protocolo Covid. Polo tanto, afirma que hai actividades que se viron minguadas pola falta de tempo. O mestre pon como exemplo a sesión número dous da primeira unidade, que se puxo en práctica cun

grupo que presentaba inquiredanzas previas polo tema e que amosaron moito interese. Segundo el, desta sesión, xurdiron varias reflexións en torno á música tradicional e á actual a través dun debate na aula que tivo que ser interrompido para a realización dos exercicios, que se fixeron de forma oral para non exceder o tempo de clase.

- Os arranxos: o docente puxo en marcha os tres arranxos propostos, se ben nos explica que, a escolma de pezas e a súa orquestración resulta axeitada e non demasiado complexa, si que precisaría máis tempo para unha montaxe máis axustada. O mestre afirma, que o seu grupo adquire unha dinámica máis fluída a través da memorización, pois non todos os seus discentes son capaces de ler e tocar de xeito simultáneo, polo tanto, considera que sería mellor dedicar unha sesión completa a que o alumnado interprete e memorice ás melodías na frauta para que a transición ás láminas lles sexa moito máis sinxela.

#### 4. Reflexións finais

Esta proposta pretende ser unha ferramenta didáctica que de resposta tanto ao currículo, ofrecendo contidos relacionados coa nosa música e a música contemporánea que ten as súas raíces na tradición galega. Tendo en conta o testemuño que nos ofreceu o mestre que puxo en marcha esta proposta, é adecuado en canto ao balance entre a teoría e a práctica, pois se ben é necesaria unha base teórica, a praxe debe ser o corpo principal do facer musical.

O principal obxectivo desta proposta de intervención foi xerar un achegamento do alumnado de sexto curso de educación primaria á música tradicional galega dentro dun contexto educativo, así como presentar a realidade actual da mesma e tender pontes cara músicas e culturas veciñas. Empregando a experiencia que recolleu na súa aula o mestre que levou a cabo a proposta, podemos afirmar que se acadou dito obxectivo, xerando no alumnado unha base sobre a que *a posteriori* poderán complementar pola súa conta. Como destacamos no anterior apartado, a temática proposta xerou debates e inquiredanzas que só poden reflectir un interese pola mesma, xa ben sexa previa ou xerada a través da posta en marcha da proposta.

En definitiva, o eixe xeral da proposta pode ser adaptado a diferentes aulas e diferentes alumnados, pois as actividades e os materiais propostos poden ser mudados en virtude das características do noso alumando, do tempo e dos medios cos que contemos. O fin último que perseguimos con esta proposta é o de promover e xerar un interese sobre a música tradicional no noso alumnado, creando nel un punto de partida para unha futura aprendizaxe autónoma. Como docentes debemos ter en conta que temos que ser un intermediario entre o alumnado e o coñecemento, e non un mero transmisor do mesmo.

A título persoal, no relacionado a revisión documental presente no marco teórico, este traballo aportou unha serie de recursos bibliográficos que poden supoñer o corpus da miña futura práctica docente. No eido da elaboración e posta en marcha da proposta de intervención, supuxo unha nova forma de afrontar a labor de inculcar o gusto pola música tradicional no alumnado e que non sería posible sen a axuda do mestre que levou a cabo dita proposta.

## 5. Referencias Bibliográficas

Casals, A. (2009). *La cançó amb text improvisat. Disseny i experimentación d'una proposta intersciplinària per a primària*. Bellaterra: Universidad Autónoma de Barcelona.

Davis, R. (2009). Educación musical e identidade cultural. En D. K. Lines (Ed.), *La educación musical para el nuevo milenio* (pp. 71-90). Madrid: Morata

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Martes, 9 de setembro de 2014, núm. 171, pp. 37406- 38087.

Díaz, L. (2015). *Máis alá dos estereotipos: problemáticas da Educación Artística e propostas de mellora* [Traballo de Fin de Grado]. Universidade de Santiago de Compostela.

- Foxo, X (2016). *Cancioneiro Antropoloxico: Quiroga, Ribas de Sil, Montañas do Lor*. Consello da Cultura Galega.
- Gainza, V. (2003). *La educación musical entre dos siglos: del modelo metodológico a los nuevos paradigmas*. Victoria-Buenos Aires: Universidad de San Andrés.
- Gainza, V. (2004). La educación musical en el siglo XX. *Revista musical chilena*, 58(201), 74-81. Recuperado de: <https://cutt.ly/yj1YqFV>
- Gillanders, C. (2001). Educar en la música. *Revista Música y educación*, 48, 33-48.
- Gillanders, C. (2011). *Los medios en la práctica docente del especialista en educación musical en Galicia* [Tese Doutora]. Universidade de Santiago de Compostela.
- Gillanders, C. e Candisano, J. (2011). Métodos y modelos en educación musical. *Música y Educación*, 87, 62-72.
- Ivanova, A. (2009). *La educación musical en la educación infantil de España y Bulgaria: análisis comparado entre centros de Bulgaria y centros de la comunidad autónoma de Madrid* [Tese Doutoral]. Universidad Complutense, Madrid. Recuperado de: <https://cutt.ly/yj1YuRI>
- Jorquera, M. (2004). Métodos históricos o activos en educación musical. *Revista Electrónica de LEEME*, 14. Recuperado de: <https://cutt.ly/9j1YkPT>
- Kodály, Z. (1972). *Pentatonic Music. 100 Hungarian Folk Songs*. Londres: Boosey & Hawkes.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. *Boletín Oficial do Estado*. 4 de maio de 2006, num. 106.

- López de la Calle, M. (2014). *A música tradicional galega na escola*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico USC. Recuperado de: <https://cutt.ly/Ej1YnxP>
- Lucato, M. (1997). La Metodología Kodaly aplicada a la escuela primaria. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 1(0), 1-5. Recuperado de <https://cutt.ly/Gj1YPrw>
- Lucato, M. (2001). El método Kodály y la formación del profesorado de música. *Revista Electrónica de LEEME*, 7, 1-7. Recuperado de: <https://cutt.ly/Yj1YKws>
- Martín Castilla, R. (2010). El papel de la etnomusicología en la educación y en la gestión de las políticas culturales. *Historia Actual Online*, 23, 85-97. Recuperado de: <https://cutt.ly/wj1YC8t>
- Miniño, M. A. (1980). La formación del músico popular en la República Dominicana. *Revista Música Casa de las Américas*, 81, 19-32.
- Rico, M e Santamarina, A. (2014). *Cancioneiro popular de galicia. Eu non canto por cantar*. Galicia: Ed. Gadis.
- Rosales, M. (2014). Proceso evaluativo: evaluación sumativa, evaluación formativa y Assesment su impacto en la educación actual. *Congreso Iberoamericano de Ciencia, Tecnología, Innovación y Educación*. Recuperado de: <https://cutt.ly/Lj1Y0rC>
- Salazar, N. (2016). Músicas tradicionales en espacios académicos: la rueda de gaita como experiencia de aprendizaje. *Civilizar Ciencias Sociales y Humanas*, 16(31), 205-218. Recuperado de: <https://cutt.ly/Oj1Y3MV>

- Sarget Ros, M. (2003). La música en la educación infantil Estrategias cognitivo-musicales. *Ensayos: Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, 18, 197-209. Recuperado de: <https://cutt.ly/4j1Y6Vu>
- Valverde, X. e Godal, P. (2018). Música tradicional en el aula aportaciones para un aprendizaje significativo en la escuela. *Revista Electrónica de LEEME*, 41, 16-34. Recuperado de: <https://cutt.ly/Rj1UtfQ>
- Vázquez-Mariño, L. (2003). Práctica pedagógica y música tradicional. *Revista Electrónica de LEEME*, 12, 1-7. Recuperado de: <https://cutt.ly/9j1Uoqa>
- Vicente Nicolas, G. (2009). *Movimiento y danza en Educación Musical: un análisis de los libros de texto de Educación Primaria* [Tese Doctoral]. Universidad de Murcia.
- Zuleta, A. (2004). El método Kodály y su adaptación en Colombia. *Cuadernos de música, artes visuales y artes escénicas*, 1(1), 66-95. Recuperado de: <https://cutt.ly/Ej1Ug6N>

## 6. Anexos

### 6.1. Anexo I: Material Didáctico nº1

MATERIAL DIDÁCTICO Nº1

# XÉNEROS E TEMÁTICAS DA MÚSICA TRADICIONAL



## QUÉ É A MÚSICA TRADICIONAL?

A música tradicional galega é aquela que é transmitida e perdurada no tempo de forma oral e que non conta cun autor.

En Galicia temos unha grande cultura tradicional na que a música xoga un papel moi importante. A música tradicional é o reflexo da sociedade, pois a través das cantigas que perduraron no tempo, podemos coñecer os costumes e as características da vida dos nosos antepasados.

A música na Galicia dos séculos XIX e XX non era un mero entretemento, pois tiña unha función de acompañamento nos eventos sociais e nas taferas do campo. É así como nacen os xéneros e as temáticas que chegaron ata nos.

# OS XÉNEROS

## Cantos Arcaicos

Trátase de Cantigas que xeralmente non teñen acompañamento musical (a capella), o seu tempo é lento e pousado (adagio) e nas que o interprete tiña unha grande liberdade de interpretación (ad libitum). Dentro deste xénero atopamos os alalás e os cantos de seitura.

[Amplia o teu coñecemento](#)

♩ = 60 | ALALÁ DAS MARIÑAS DE BETANZOS

Aín - da que son das Ma - ri - ñas, \_\_\_  
 das Ma - ri - ñas de Be - tan - zos, \_\_\_  
 aín - da que son das Ma - ri - ñas non che  
 ven - do ga - ra - van - zos. \_\_\_

## Muiñeiras

♩ = 96 | MUIÑEIRA

Ber - du - ci - do, Ber - du -  
 ci - do con to - dos teus a - rre - do - res; Ber - du -  
 do - res - non te cha\_\_ mes Ber - du -  
 ci - do, chá - ma - te\_\_ xar - dín\_\_ de flo - res.

[Amplia o teu coñecemento](#)

A muiñeira nova parte do baile que leva o mesmo nome e ao que xeralmente acompaña.

Caracterízase por estar escrita en 6/8, ter un tempo rápido (allegro moderato), un pulso básico de subdivisión ternaria, empregando xeralmente os valores de negra con corchea ou tres corcheas.

# OS XÉNEROS

## As Xotas

Como as muiñeiras, as xotas tamén proveñen do baile que leva o mesmo nome e que non é único de Galicia, pois é común para a maioría da Península Ibérica.

As xotas son cantigas que xeralmente estaban acompañadas con pandeiretas e contan con dúas partes diferenciadas: o punto e a volta.

Están escrita en 3/8, o seu tempo é mais pausado que o da muiñeira (Andante), o grupo rítmico básico é de tres corcheas e conta con hemiolias.

♩ = 69 | XOTA



O ra - po - so es - tá cho - ran - do  
no al - to de Car - ba - lli - ñas  
que lle le - ven u - nhas zo - cas que  
lle pi - can as es - pi - ñas.

Unha hemiolia é o emprego dun patron rítmico binario nunha esquema ternario



[Amplia o teu coñecemento](#)

# AS TEMÁTICAS

Como vimos antes, a música tradicional galega acompañaba as tarefas do campo e aos eventos sociais, por iso, é normal que as letras das súas cantigas garden relación con eles.

As temáticas principais son:

- a seitura
- os labores do campo
- os oficios
- eventos sociais
- amores

BLOQUE DE EJERCICIOS Nº1

# XÉNEROS E TEMÁTICAS DA MÚSICA TRADICIONAL

## Exercicio 1.

Completa as oracións coas palabras do recadro.

- A \_\_\_\_\_ está escrita en 3/8, e a \_\_\_\_\_ en 6/8.
- Tanto as Muiñeiras coma as Xotas teñen asociado un \_\_\_\_\_
- A música tradicional galega é aquela que foi transmitida e perdurada no tempo de \_\_\_\_\_.
- Os \_\_\_\_\_ interpretábanse xeralmente \_\_\_\_\_

Baile - Forma Oral  
- Cantos Arcaicos -  
Xota - A capella -  
Muiñeira

## Exercicio 2.

Verdadeiro ou Falso

- Adagio é un xénero de música tradicional. (v/f)
- A muiñeira está escrita en 4/4. (v/f)
- Os Cantos Arcaicos interpretábanse ad libitum. (v/f)
- As xotas só existen na música tradicional galega.(v/f)

## Exercicio 3.

Cita 3 características propias de cada xénero

MATERIAL DIDÁCTICO Nº2

# INSTRUMENTOS NA MÚSICA TRADICIONAL

Índice de Instrumentos




A música tradicional galega foi interpretada empregando diferentes instrumentos ao longo da historia e que xeralmente acompañaban á voz, aínda que tamén tiñan función melódica. Os máis destacados son:

## A gaita

A gaita galega é un instrumento tradicional que consiste nun tubo perforado (punteiro). O aire entra no fol a través dun tubo, que ten unha válvula que impide a saída do aire. Para facela soar, o gaiteiro comprime co seu brazo o fol.


[Amplia o teu coñecemento](#)



## A Zanfona

A zanfona é un instrumento de cordas que soan pola fricción dunha roda que xira pola acción dunha manivela. O seu son é modulado a través dun teclado que da unha escala cromática de dúas octavas de extensión.

[Amplia o teu coñecemento](#)



## Bombo e tamboril

O bombo é un tambor chato, cun diámetro de caixa de entre 60 e 90 cm, e unha altura duns 25-30 cm. Fabricase integramente en madeira e pel.

O tamboril é un instrumento musical composto por unha cavidade recuberta dunha pel tensa que se pon en vibración batendo nel cunha baqueta.

[Amplia o teu coñecemento](#)




## Pandeireta e pandeiro

As pandeiretas son pequenos instrumentos de percusión que roldan os 26 cm de diámetro cunha altura do marco duns 6-7 cm. Contan con grupos de ferreñas e unha membrana de pel.

Un pandeiro é un instrumento cun marco cadrado de madeira duns 3-5 cm de grosor, e uns 40-50 cm e unha membranas de pel

[Amplia o teu coñecemento](#)



BLOQUE DE EJERCICIOS Nº2

# INSTRUMENTOS NA MÚSICA TRADICIONAL

## Exercicio 1.

Sinala as partes da gaita na seguinte ilustración.



Soprete  
Roncón  
Punteiro  
Fol  
Ronqueta

## Exercicio 2.

Verdadeiro ou Falso

- A zanfoña e un instrumento de corda punteada. (v/f)
- En Galicia, xeralmente a pandeireta trémese coa man esquerda. (v/f)
- Para que a gaita sone, o gaiteiro ten que apretar o Fol. (v/f)
- O bombo e o tamboril son instrumentos de percusión con altura determinada(v/f)

## Exercicio 3.

Busca en internet 4 nomes diferentes que recibe a zanfona.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

BLOQUE DE EJERCICIOS N°3

# DOC. SEXAMOS CELTAS P.1

## Exercicio 1.

Responde ás preguntas:

- Quenes eran The Chieftains, The Dubliners, Pentangle e Fairport Convention?
- Cales foron os tres discos que sentaron os precedentes da música folk en Galicia?
- Cales son os 7 países célticos?
- Quenes foron Faíscas do Xiabre?

## Exercicio 2.

Completa as oracións

- \_\_\_\_\_ destacou pola virtuosidade co seu instrumento \_\_\_\_\_.
- \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ xunto con Faíscas do Xiabre fundaron o grupo \_\_\_\_\_.
- O líder do grupo \_\_\_\_\_, Paddy Moloney, foi galardoado coa \_\_\_\_\_ no 2013.
- Segundo a lenda de Breogán, os galegos invadiron \_\_\_\_\_.

## Exercicio 3.

Procura na web quen foi Breogán e explica coas túas propias palabras

---

---

---

**BLOQUE DE EJERCICIOS Nº4**

# **DOC. SEXAMOS CELTAS P.2**

**Ejercicio 1.**

**Responde ás preguntas:**

- **Quen é Emilio Cao? Que instrumento empregou?**
- **Por qué tivo éxito a música celta en Madrid?**
- **Que dous selos discográficos nacen en Galicia co fin de publicar música galega?**
- **Cal é o nome do clube de música que difundiu a música celta en Madrid?**

**Ejercicio 2.**

**Verdadeiro e Falso.**

- **Fonte do Araño é un disco de Emilio Cao. (v/f)**
- **Guimbarda é un selo discográfico da Coruña. (v/f)**
- **Ricardo Portela foi un dos gaiteros máis importantes de Galicia. (v/f)**
- **O festival de Ortigueira converteuse nun dos máis relevantes a nivel internacional . (v/f)**

**Ejercicio 3.**

**Procura na web e explica cal é a diferenza entre Música Tradicional e Folk.**

---

---

---



6.8. Anexo VIII: Alalá das Mariñas

Alalá das Mariñas

Tradicional  
Arr. Ángel Vidal

**Adagio**

Frauta Doce

Carillón soprano

Xilófono Soprano

Metalófono contralto

Sintetizador

Metalófono baixo

2

9

Fr. Doce.

Car. sop.

Xil. Sop.

Met. ctrl.

Sint.

Met. baixo

## 6.9. Anexo IX: Fainne Geal an Lae

### Fáinne Geal an Lae

Tradicional  
Arr. Ángel Vidal

**Allegro**

C G C Am Em C G

Frauta Doce

Carillón soprano

Xilófono Soprano

Metalófono contralto

Caixa

Bombo

Metalófono baixo

2

9 Am Em C G C G C

Fr. Doce.

Car. sop.

Xil. Sop.

Met. ctrl.

Caix.

Bmb.

Met. baixo

6.10. Anexo X: Contidos dispoñibles para descarga

Poderán atopar todos os materiais en formato, PDF, mp3 ou .Sib través da seguinte ligazón (<https://cutt.ly/Hj3eMhE>) ou escanenado este código QR

